

ACORDO do 13 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto de execución do parque eólico San Cristovo, nos concellos de Monterroso e Taboada (expediente LU-11/117-EOL), DOG Núm. 201, de 21 de outubro de 2022. Prazo para presentar alegacións: ata o 07/12/2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221021/AnuncioV0653-131022-0014_gl.html

<https://economia.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/san-cristovo>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
proxecto de execución do parque eólico San Cristovo	Enel Green Power España, S.L. NIF B61234613.	Monterroso e Taboada (Lugo)	<ul style="list-style-type: none"> • Catro (4) aeroxeradores Siemens-Gamesa SG 6.0-170 de potencia nominal 5,0 MW, cun diámetro de rotor de 170 m e altura de buxa 100 m. • Un (1) aeroxerador Siemens Gamesa SG 6.0-155 de potencia nominal 6,0 MW, cun diámetro de rotor de 155 m e altura de buxa 102,5 m. • Un (1) aeroxerador Siemens Gamesa SG 2.1-114 de potencia nominal 2,0 MW, cun diámetro de rotor de 114 m e altura de buxa 80 m. • Cinco (5) centros de transformación, instalados no interior da torre de cada un dos aeroxeradores, formados por transformadores de 6.500 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de media tensión de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares. • Un (1) centro de transformación, instalado no interior da torre do aeroxerador SG 2.1-114, formado por un transformador de 3.000 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de media tensión de 30 kV e os correspondentes equipamentos de protección, telemando e demais elementos auxiliares. • Torre de medición permanente do parque, auto soportada, de 98,5 m de altura. • Rede colectora soterrada, conformada polos cables de evacuación de enerxía a 30 kV, con condutores tipo UNE RH5Z1-OL 18/30 kV que unen os aeroxeradores entre si e coa subestación eléctrica do parque, os cables de fibra óptica para comunicacións e os cables de terra. • Subestación eléctrica tipo convencional, dunha posición de transformador de potencia, elevador, con saída rixida de liña cos seus correspondentes equipamentos de medida e facturación, constituída por:

			<p>– Parque exterior de intemperie: recinto valado onde se encontra o transformador de potencia e a aparelaxe do nivel de tensión de 220 kV. Posición de transformador de potencia, elevador, con saída rixida de liña. Trifásico, en baño de aceite, refrixeración ONAN/ONAF, con relación de transformación 220/30 kV e potencia nominal 25/30 MVA.</p> <p>– Un edificio de operación e mantemento (O&M) con oficinas, salas de operación e monitorización das instalacións, cuarto de climatización, aseos e almacén.</p> <p>– Un edificio de control e celas, cunha sala de celas de 30 kV e sala de protección e baixa tensión e sala Scada, que contén equipamentos informáticos de xestión e comunicacións.</p> <p>– Un edificio do grupo electrógeno de emerxencia de 160 kVA 400 V, que contén, ademais, tanque de diésel.</p> <p>– Un edificio de residuos.</p> <p>• Obra civil consistente en rede viaria de acceso ao parque e aos aeroxeradores, cimentacións e plataformas dos aeroxeradores, gabias para tendido de cablaxe de media tensión, comunicacións e rede de terras e obras auxiliares.</p>
--	--	--	---

Obxecto da información pública:

- Proxecto de execución (visado nº 20220427, data 18.2.2022).
- Estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado 11.2.2022 e 14.2.2022).
- Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) (visado nº 20220428, data 18.2.2022).